



Monforte de Lemos, a 12 de setembro de 2016

Estimadas familias:

Despois dunhas merecidas vacacións comezamos un novo curso escolar coas pilas cargadas e o espírito renovado, queremos facelo transmitíndolles a satisfacción que no dá saber que contamos cunha gran comunidade de pais, nais e alumnos que confía en nós e respaldan as nosas accións.

CAMBIO DE DIRECTOR

Óscar Blanco Redondo, despois de 14 anos liderando ó claustro de profesores, cambia o seu cargo, pasando a ser o Xefe de Estudos, cedéndolle o posto a Pablo Blanco Losada. Toda a Comunidade Educativa agradece a Óscar a súa labor desenvolvida durante este tempo e desexamos ao novo director un frutífero traballo

Como todos os anos, nesta circular pretendemos informarlles de distintas novidades e temas:

CALENDARIO ESCOLAR:

O curso escolar comeza o día 12 de setembro para Educación Infantil e Primaria e o 15 para a Educación Secundaria, e rematan o día 23 de xuño de 2017. O horario de Infantil e primaria, o primeiro día, será de 10 a 12 horas, e o da ESO será de 11:30 a 13:30 horas

PERÍODOS VACACIONAIS:

Nadal: do 22 de decembro ata o 6 de xaneiro (as clases comencan o luns, día 9)

Entroido: 27, 28 de febreiro e 1 de marzo

Semana Santa: do 10 ao 18 de abril (este último día é festa local)

DÍAS NON LECTIVOS:

Día da Hispanidade: 12 de outubro Día do ensino: 31 de outubro Todos os Santos: 1 de novembro

Día da Constitución: 6 de decembro Día da Inmaculada: 8 de decembro Día do Traballo: 1 de maio

Día das Letras Galegas: 17 de maio

FESTAS LOCAIS:

Estes días están pendentes de que o Concello os aprobe (o curso pasado foron o 18 de abril, martes de Pascua, e o 13 de xuño, San Antón)

ENTREGA DE NOTAS: Serán entregadas polos titores aos pais ou titores dos alumnos, individual ou coativamente:

1ª Avaliación: entre o 19 e o 21 de decembro

2ª Avaliación: entre o 4 e o 7 de abril

3ª Avaliación: entre o 18 e o 21 de xuño

Durante o meses de setembro e xuño, as clases en Educación Infantil (agás 3 anos que ten as xornadas de adaptación) e Primaria, serán de 9 a 14 horas. A ESO ten o mesmo horario durante todo o curso

O servizo de **GARDERÍA** comezará o día 13 de setembro, a partir das 8:30 horas, na biblioteca do Colexio. Durante este curso, este servizo terá un coste de 10 Euros ao mes ou 1 Euro por día de utilización

Respecto ao servizo de **COMEDOR**, este comezará o día 12 de setembro. O prezo será de 90 Euros ao mes para un comensal, os seguintes irmáns, 60 € por cada un. O prezo do ticket diario será de 6€, e se recollerá na portería do Colexio ata as 11:00 horas. Nos meses de setembro e xuño cobrarase a parte proporcional dos días do mes. Os que queiran facer uso do



COLEGIO
**PADRES
ESCOLAPIOS**
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50
27400 Monforte de Lemos. Lugo
Tel.: 982400450, Fax: 982410003
www.escolapiosmonforte.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



comedor dende o primeiro día, poderán facelo comunicándollo ao conserxe na portería e cubrindo a correspondente folla de inscrición

O **SERVIZO DE BIBLIOTECA** terá o mesmo horario que o curso pasado, de 17:30 a 19:30 horas. Este servizo é gratuito para os asociados da APA do Colexio (20 € ao curso) e de 1€ por día de utilización para os non asociados.

AS REUNIÓNS COS TITORES para informar das particularidades do curso serán:

1º e 2º de Educación Primaria: martes, 13 de setembro, ás 16:30 horas, nas clases

3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria: xoves, 15 de setembro, ás 16:00 horas, nas clases, primeiramente no salón de actos e logo nas correspondentes clases

1º, 2º, 3º e 4º de ESO : martes 20 de setembro, ás 16:00 horas nas clases

PLATAFORMA DIXITAL (EDUCAMOS) : Se algún pai ou nai non recorda as claves pode solicialas ao Xerente do colexio. Cada vez estamos a ofrecer máis información a través da plataforma, polo que agradecemos que todas as familias estean dadas de alta en dito servizo. Recordamos que se pode descargar no ordenador, tableta ou móbil.

O acceso á plataforma é a través da nosa páxina web: www.escolapiosmonforte.es ou <https://ppescolapios-escolapios-monforte.educamos.com/>

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo.

Pablo Blanco

Director



HORARIO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
(PARA MÁS INFORMACIÓN VER FOLLA DE INSCRIPCIÓN).

| | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|--|---|
| 14:15 A 15:15 | Gimnasia rítmica Hasta 2º de EP | | | BAILE MODERNO | |
| 17:40-18:40 | | BARRO | | | BALONCESTO (A partir de 3º de E.P.) |
| | XADREZ | PINTURA | CIENCIA PARA TODOS | TEATRO | Tenis |
| | DANZA GALEGA | Crea a túa propia empresa | | Preballet (só 1º EP) | |
| | ÁBACO Máster 1 (inciación de 1º e 2º de EP) Junior 1 (continuación para alumnos de 1º de EP) | ÁBACO JUNIOR 5-3 (continuación para alumnos de 2º e 3º de EP) | ÁBACO Máster 3-5 (a partir de 4º de EP) Junior 1 (continuación para alumnos de 1º de EP) | ÁBACO Junior 5-3 (para alumnos de 2º e 3º de EP) | |
| | YUDO 18:15H:19:00H (8-9-10-11 anos) | Técnicas de estudo (1º, 2º e 3º de EP) | YUDO 18:15H:19:00H (5-6-7 Años) | Técnicas de estudo (4º, 5º e 6º de EP) | YUDO 17:30H-18:15H (8-9-10-11 anos) 18:15H:19:00H (5-6-7 anos) |
| | Escritura creativa e comprensión lectora (Primaria e Secundaria) | HÍPICA (Primaria) 18:00 a 19:00 | HÍPICA (Primaria) 18:00 a 19:00 | HÍPICA (Primaria) 18:00 a 19:00 | HÍPICA (Primaria) 18:00 a 19:00 |
| Voleibol 1º, 2º, 3º, 4º | Voleibol 1º, 2º, 3º, 4º Bádminton | Voleibol 1º, 2º, 3º, 4º | Voleibol 5º, 6º Ata ás 19:00 h | | |
| GRUPOS CALASANZ 5º E 6º (despois de comer; o día se concretará según os apuntados) | | | | | |
| E CATEQUESIS COMUNIÓN DE 4 DE E.P.(martes de 17:30 18:30) | | | | | |
| GRUPO CALASANZ 3º EP (se concretará día e hora) | | | | | |

HORARIOS PROVISIONAIS (SUXEITOS Á FORMACIÓN DE GRUPO).